

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E DE ELECCIÓN DE ALCALDE COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O 28 DE MAIO DE 2023

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e cinco minutos do día dezasete de xuño de dous vinte e tres, reúnen, previamente convocados ao efecto, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e artigo 37 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais referentes á Constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, en primeira convocatoria e sesión pública as Señoritas e Señores concelleiras e concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e oito de maio de dous mil vinte e tres, e que son os que a continuación se relacionan, pola orde da acta de proclamación de electos, os seguintes candidatos e candidatas: D. Luís Pena Mosquera, D<sup>a</sup> María Rocío Souto Torre, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro, D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández., D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal.

Actúa como Secretaria a da Corporación, Dona Ana Ramos Ramos.

Asiste a Sra. Interventora municipal, Dona Lucía Varela Martínez

Pola Secretaria da Corporación, as 12:05 minutos, declárase aberta a sesión constitutiva da nova corporación municipal e a elección do alcalde do Concello de Pontedeume, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais aprobado por RD 2568/1986, conforme á seguinte Orde do día:

#### **PRIMEIRO PUNTO.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE CORRESPONDENTE Á SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O MANDATO 2023-2027.**

Continúa a Secretaria de Corporación dando lectura ao disposto o artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que establece o seguinte:

*1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*

*2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación*

*3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, as acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remitira a Xunta Electoral de Zona.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes.”

Constitúese a Mesa de Idade, quedando integrada polo candidato electo de maior idade, Don José Simoes Couceiro, que asume a presidencia da Mesa, e o candidato electo de menor idade, Don Joshua Dopico López, que actuará como vogal, actuando como secretaria da mesa de idade a Secretaria da Corporación.

### SEGUNDO PUNTO.- TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELEIROS E CONCELEIRAS ELECTOS/AS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O MANDATO 2023-2027.

O Presidente da Mesa de Idade, indica que se vai proceder, á toma de posesión dos concelleiros e concelleiras previo xuramento ou promesa do seu cargo.

A Secretaria da Corporación da lectura ao artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral establece o seguinte: “No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.”

A continuación a Secretaria da Corporación da lectura íntegra da acta de proclamación de concelleiros/as electos/as, formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos, con data 04 de xuño de 2023, e na que se indica:

<< En Betanzos, sendo as 13:00 horas do día 04 de xuño de 2023 réunese a Xunta Electoral para proceder á proclamación oficial de candidatos/as electos/as nas Eleccións e circunscrición [de Ponte deume].

NÚMERO DE ELECTORES: 6.362  
NÚMERO DE VOTANTES: 4.316  
NÚMERO DE VOTOS A CANDIDATURAS: 4.210

NÚMERO DE VOTOS VÁLIDOS: 4.257  
NÚMERO DE VOTOS NULOS: 59  
NÚMERO DE VOTOS EN BRANCO: 47

### NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS POR CADA CANDIDATURA

N. o	CANDIDATURAS	VOTOS OBTIDOS		NÚM. ELECTOS
		EN LETRA	EN NÚM	



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

1	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	Setecentos oitenta e oito	788	2
2	PARTIDO POPULAR	Setecentos sesenta	760	2
3	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE	Dous mil seiscentos sesenta e dous	2662	9

De acordo cos resultados expresados neste cadro, proclámanse electas as seguintes persoas candidatas:

- (1) LUIS PENA MOSQUERA (B.N.G)
- (2) MARÍA ROCÍO SOUTO TORRE (B.N.G)
- (3) SANTIAGO JOSÉ RODRÍGUEZ PIÑEIRO (PP)
- (4) MONTSERRAT PICO RODEIRO (PP)
- (5) BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO (PSdG-PSOE)
- (6) MARÍA ROSARIO HUERTAS GARABANA (PSdG-PSOE)
- (7) DANIEL RÍOS FERNÁNDEZ (PSdG-PSOE)
- (8) ALEJANDRA BELLÓN TENREIRO (PSdG-PSOE)
- (9) JOSÉ SIMOES COUCEIRO (PSdG-PSOE)
- (10) ISAAC ALEJANDRO GARCÍA OTERO (PSdG-PSOE)
- (11) ÁNGELA PIÑEIRO CARRERA (PSdG-PSOE)
- (12) JOSHUA DOPICO LÓPEZ (PSdG-PSOE)
- (13) MANUELA GARCÍA FACHAL (PSdG-PSOE)

Reclamacións e protestas presentadas por representantes e apoderados/as ante a Xunta Electoral e resolucións adoptadas: non consta

Recursos presentados, de ser o caso, ante a Xunta Electoral e as súas correspondentes resolucións: non consta

Rematado o acto de proclamación de electos/as ás 13.30 horas do día ao principio sinalado, redáctase a presente acta en exemplar triplicado, asinada pola Presidencia e o/a secretario/a da Xunta electoral.>>

A continuación a Secretaria da Corporación constata que todos os/as concelleiros/as electos/as da Corporación, teñen presentado, para os efectos de cumprimentar o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 30.1 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, a declaración dos seus bens patrimoniais, así como tamén a referente a causas de posible incompatibilidade e de actividades, na forma que se establece nos mencionados textos legais.

Así mesmo fai constar, que se cumprimentou o requisito preceptuado no artigo 7 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, como trámite previo legal para este



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

acto en canto á presentación da correspondente credencial de todos os concelleiros e concelleiras proclamados/as electos/as na Secretaría Xeral ao meu cargo.

En consecuencia o Presidente da Mesa de Idade, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legalmente esixibles aos concelleiros e concelleiras electos/as, procédese a prestar xuramento ou promesa do cargo de concelleiro ou concelleira.

A secretaria da corporación indica que, para dar cumprimento ao disposto no art. 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, vaise proceder ao chamamento pola orde contida na Acta de proclamación de Electos/as remitida ao Concello pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos, dos concelleiros e concelleiras electos/as, que deberán presentarse un por un ante a Mesa para tomar posesión do cargo, prestando xuramento ou promesa daquel.

Para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no real decreto 707/1979, do 5 de abril, que é a seguinte:

*"Xuro ou prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

Iníciase o acto de xuramento ou promesa.

En primeiro lugar xuran ou prometen o seu cargo o Presidente da Mesa de Idade, Don José Simoes Couceiro e o vogal da Mesa de Idade, Don Joshua Dopico López.

Don José Simoes Couceiro di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

Don Joshua Dopico López di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

A continuación, os concelleiros e concelleiras electos/as, pola orde contida na acta de proclamación de electos/as, proceden a prestar, persoalmente, xuramento/ou promesa de cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado.

Don Luís Pena Mosquera di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Ponte deume e do Pobo Galego."*

Dona Rocío Souto Torre di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Ponte deume e do Pobo Galego"*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Don Santiago José Rodríguez Piñeiro di: *“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

Dona Montserrat Pico Rodeiro: *“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

Don Bernardo Fernández Piñeiro di: *“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

Dona María Rosario Huertas Garabana di: *“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

Don Daniel Ríos Fernández di: *“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

Dona Alejandra Bellón Tenreiro di: *“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

Don Isaac Alejandro García Otero di: *“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

Dona Ángela Piñeiro Carrera di: *“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

Dona Manuela García Fachal di: *“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*

O Presidente da Mesa de Idade, indica que cumprindo o disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral e no Real Decreto 707/1979, a Mesa declara constituída a Corporación Municipal do Concello de Ponte deume resultante das eleccións locais celebradas o día 28 de maio de 2023 para o mandato 2023-2027

### TERCEIRO PUNTO.- DACIÓN DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria da Corporación indica que dando cumprimento ao establecido no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986 que establece que os secretarios e interventores tomaran as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ó inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

Os/as membros presentes tomarán razón da documentación que se exhibe presente durante toda a duración da sesión dando cumprimento ó regulamentariamente establecido.

Neste sentido dáse lectura ao resultado da acta de arqueo extraordinario levado a cabo o 16 de xuño de 2023, asinada polos tres craveiros da Corporación: o alcalde en funcións, a Interventora e a Tesoureira que amosa o seguinte resultado:

EXISTENCIA EN CAIXA – VALORES	Importe
VALORES	715.113,11 €
TOTAL VALORES:	715.113,11 €

EXISTENCIAS EN CONTAS BANCARIAS	Importe
ES55 2080 0201 9031 1000 0076 ABANCA	407.485,48 €
ES19 2080 5164 1930 4000 1607ABANCA	16.426,82 €
ES69 2080 5164 1130 4000 2457ABANCA	374.752,97 €
ES29 0049 4070 9220 1400 0728 B.SANTANDER	7.185,67 €
ES08 2100 5486 5702 0002 9989 CAIXABANK	29.580,33 €
TOTAL CONTAS BANCARIAS:	835.431,27 €

A Secretaria da Corporación indica que os xustificantes da citada acta atópanse a disposición da Corporación na Tesourería Municipal.

A Secretaria indica que se pon a disposición da Corporación o inventario de bens do Concello de Ponte deume en cumprimento do establecido no artigo 86 del Texto Refundido de Réxime Local e no artigo 56 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais ; e tendo en conta a dilixencia da Secretaria Xeral de día 16.06.2023 que se transcribe a continuación:

*“DILIXENCIA DA SECRETARIA XERAL DE DATA 16 DE XUÑO DE 2023.-*

*Asunto: Documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación*

*Advírtese aos membros da Corporación da obriga do Concello Pleno de aprobar as actualizacións anuais do Inventario de Bens municipais atendendo ao disposto no artigo 86 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece que:*

*“As Entidades Locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do Estado e da Comunidade*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación”*

*O último acordo adoptado de actualización anual, salvo erro involuntario, tivo lugar en data 27 de decembro de 2018, a salvo acordos de inserción puntual sen revisión anual, de data 30 de decembro de 2020, non consta revisión anual posterior.*

*Tendo en conta o anterior, o contido do inventario de bens e dereitos do Concello de Ponte deume que se pode exhibir á nova Corporación entrante non da cumprimento ás obrigas legais ao respecto, ao non incorporarse as novas altas, as baixas ou variacións patrimoniais resultado da xestión patrimonial do Concello ao longo dos anos transcorridos dende a data da última aprobación, polo que se deixa constancia aos membros da corporación aos efectos do ordeado a esta Secretaria Xeral polo Real Decreto 2568/1986.”*

### CUARTO PUNTO.- ELECCIÓN DO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria da Corporación da lectura do artigo 196 de la Lei Orgánica do réxime electoral xeral, do artigo 40 do Real Decreto 2568/1986, e do artigo 18 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, e do artigo 60.2 da Lei de administración local de Galicia

O artigo 196 establece o seguinte procedemento para a elección de alcalde:

*”Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

- 1. Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- 2. Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- 3. Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo”.*

O artigo 40 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais indica:

- 1. A elección e destitución de Alcalde réxese polo disposto na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ó réxime de sesións plenarias do Concello.*
- 2. Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos.*
- 3. Se non se atopa presente na sesión de Constitución, será requirido para tomar posesión no prazo de corenta e oito horas, igualmente ante o Pleno corporativo, coa advertencia de que, caso de non facelo sen causa xustificada, estarase ao disposto na lexislación electoral para os casos de vacante na Alcaldía.”*

O artigo 18 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, indica:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*“Antes de comezar o exercicio das súas funcións, o Alcalde deberá, xurar ou prometer o cargo ante o concello Pleno.”*

A secretaria indica que se debe proceder a elixir a forma de votación.

O Presidente da Mesa de Idade, don José Simoes Couceiro, somete a consideración do Pleno da Corporación a proposta de fórmula secreta para o procedemento de elección do alcalde.

Procédese a votación co seguinte do resultado.

Votos a favor: 13 votos

Votos en contra: 0 votos

Abstencións: 0 abstencións

Acadada a maioría absoluta da Corporacion establececese a fórmula de votación secreta para a elección do alcalde.

Logo do resultado da votación, a Secretaria indica que para a elección secreta contamos cunha urna a disposición da Mesa de Idade, onde os Concelleiros e Concelleiras terán que introducir a súa papeleta de voto, segundo vaian sendo nomeados/as pola Secretaria, realizándose o escrutinio pola Mesa, e sendo elixido Alcalde, o candidato que obteña a maioría absoluta na votación ou, no seu defecto, o que encabece a listaxe máis votada nas eleccións.

Os membros da Mesa de Idade emitirán o seu voto os últimos, primeiro o de menor idade e despois o de maior idade.

A continuación, esta Secretaria irá lendo cada unha das papeletas en voz alta, entregándose acto seguido aos membros da Mesa, que verificarán o reconto de votos, sendo lidos a continuación os resultados da votación pola Secretaria.

O Presidente da Mesa de Idade, don José Simoes Couceiro, pregunta, a continuación a cada un dos membros cabeza de lista pola orde da acta de proclamación de electos se presenta a súa candidatura á alcaldía.

Don Luís Pena Mosquera, presenta a súa candidatura para o cargo de alcalde do Concello de Ponte deume?

Responde: SI presento a miña candidatura

Don Santiago José Rodríguez Piñeiro, presenta a súa candidatura para o cargo de alcalde do Concello de Ponte deume?

Responde: SI presento a miña candidatura

Don Bernardo Fernández Piñeiro, presenta a súa candidatura para o cargo de alcalde do Concello de Ponte deume?





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Responde: SI presento a miña candidatura

A secretaria indica que se inicia a votación polo que ao chamamento irán acudindo a introducir o seu voto, previa anotación do nome do candidato a Alcaldía que decidan, segundo a orde establecida na acta de proclamación de cargos electos, e votando en último lugar os membros da Mesa de Idade.

Rematada a votación, efectúase o recuento de votos pola Mesa de Idade, que presenta o seguinte resultado, do que da lectura a Secretaria da Corporación:

Votos emitidos: trece

Votos en branco: cero

- Don Bernardo Fernández Piñeiro: 9 votos
- Don Santiago José Rodríguez Piñeiro: 2 votos
- Don Luís Pena Mosquera: 2 votos

O Presidente da Mesa de Idade, don José Simoes Couceiro, indica que logo de ver dos resultados obtidos no escrutinio, queda proclamado alcalde do Concello de Ponte deume en primeira votación, D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, por acadar a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O Presidente da Mesa de Idade, diríxese a don Bernardo Fernández Piñeiro e preguntalle:

Bernardo Fernández Piñeiro, acepta vostede o cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Ponte deume?

Responde: SI Acepto

A secretaria indica que aceptado o cargo polo Sr. FERNÁNDEZ PIÑEIRO, acto seguido, procédese a formular o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, coa devandita fórmula, de conformidade co Real Decreto 707/1979:

Don Bernardo Fernández Piñeiro di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-Presidente do concello de Ponte deume con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*.

A continuación o Presidente da Mesa de Idade entrégalle o BASTÓN a Don Bernardo Fernández Piñeiro.

De seguido, a Secretaria da Corporación anuncia a disolución da Mesa de Idade, polo que os seus membros pasa a ocupar os postos que lle corresponden.

A secretaria da Corporación convida ao Sr. Alcalde a ocupar a Presidencia da mesa e a facer uso da palabra.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Alcalde-Presidente ocupa a Presidencia.

De seguido, o Sr. Fernández dirixe unhas palabras aos membros da Corporación municipal e a toda a veciñanza eumesa:

*Bos días, Concelleiras, Concelleiros, compañeiras e compañeiros, amigas e amigos... Moitas grazas por estar hoxe aquí, benvidos a este acto de inicio da duodécima lexislatura do Concello de Ponte deume.*

*Agardo que estes catro anos que teremos por diante a partires de hoxe, estean baseados no dialogo en nun bo clima de entendemento entre os tres grupos da corporación, co obxectivo compartido de traballar para a mellora da nosa Vila.*

*Permitide que dirixa o meu discurso a quen, a partir de hoxe, continuarán ocupando todo a miña adicación, esforzo, compromiso e ilusión...*

*Aos veciños e veciñas de Ponte deume. A todos eles e elas, moitas grazas no meu nome e no de toda a corporación por acompañarnos hoxe, nun día no que comeza unha nova lexislatura e, con ela, unha nova etapa política no Concello de Ponte deume.*

*Grazas polo voso apoio e pola vosa mobilización. Esta e unha clara mostra do compromiso e as ansias de mellora da sociedade eumesa para coa nosa Vila*

*Aqueles que máis me coñecen saben que son un fiel defensor do municipalismo, por ser esta a política mais cercana ao cidadán, ao seu día a día, aos seus problemas e inquiredanzas, a primeira porta á que chaman para atopar apoio e solucións.*

*É precisamente esa cercanía a que fai deste estrato da política unha actividade apaixonante e esixente. E é por iso que sempre fun admirador e defensor de todos aqueles que daban un paso adiante para involucrarse tanto na política como nos movementos sociais e asociativos.*

*Xentes que motivadas tan só pola súa vocación de servizo aos demais e pola paixón que sinten pola súa Vila, parroquia, actividade cultural ou deportiva, poñen o seu tempo e traballo ao servizo da sociedade, implicándose e dando un paso ao fronte que as veces non é suficientemente recoñecido ou valorado.*

*E é par iso que hoxe, primeiro día da duodécima lexislatura da democracia, quixera recordar a todos aqueles concelleiros e concelleiras que teñen pasado pola Corporación Municipal e que adicaron o seu tempo, traballo e ilusión a facer da nosa Vila un lugar mellor, para todos eles e elas pido un sincero e afectuoso aplauso*

*Como dixen hai agora 4 anos, gustaríame que todos e todas sintades este Goberno coma o voso Goberno municipal, que sintades que as políticas as que imos dar continuidade son para todos e cada un de vós, sempre no beneficio de Ponte deume e dos que aquí vivimos.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Este vai a seguir sendo tamén o Goberno da transparencia e do diálogo constante coa veciñanza, porque todos e todas vos sodes una peza fundamental e indispensable da acción política, e por iso que sempre atoparedes aberta a porta deste Concello e da Alcaldía.*

*Sen dubida foi moito o feito ao longo destes catro anos pero aínda temos moito traballo por diante. Somos plenamente conscientes das moitas necesidades coas que conta a día de hoxe a nosa Vila, e das expectativas xeradas novamente entre os veciños e veciñas, que seguen a demandarnos una adicación plena, total e absoluta na procura dun presente e futuro mellore para Ponte deume.*

*Non dubidedes que imos poñer todo o esforzo para cumprir con elas. Lonxe de relaxarnos e acomodarnos nun resultado que nos permite contar cun importante número concelleiros no goberno, aproveitaremos ese feito para dar un novo impulso as políticas iniciadas hai 8 anos, para conquistar novos e mais ambiciosos obxectivos que redunden nunha mellorado entorno e calidade de vida de todos os veciños e veciñas de Ponte deume.*

*Traballaremos desde a máxima esixencia para con nos mesmos pero tamén desde a humildade; non atoparedes neste goberno desculpas, atoparedes explicacións do que se fai e do que non se fai.*

*Gustaríame que isto non sexa só por parte do Goberno, senón que tamén os grupos da oposición sexan un constante canal de comunicación entre os veciños e o Concello, porque eles, vós, sades tamén una peza fundamental e imprescindible no presente e futuro da nosa Vila. Unha oposición responsable e esixente é o mellor garante para una corporación plural, que traballe polo conxunto da veciñanza.*

*As maiorías políticas non serven de nada se non están para sacar adiante políticas que estean ao servizo de todos. Esa e a base dun Goberno democrático, xusto e igualitario.*

*Para esa tarefa, todos e todas somos necesarios.*

*Como dixen, temos grandes retos por diante..Somos coñecedores de que aínda nos quedan necesidades importantes que atender. En primeiro lugar, temos que seguir habilitando aparcadoiros no casco urbano, unha reclamación histórica da sociedade eumesa que atendimos neste mandato pero que segue a ser unha prioridade para o que hoxe comeza. Dando continuidade tamén a dotación de aparcadoiros preto dos cemiterios das parroquias de Centroña e Nogueirosa coma xa fixemos e estamos a facer en Andrade, Vilar, Ombre e Boebre.*

*Por outra banda, temos que seguir mellorando a imaxe e habitabilidade de Ponte deume, e para iso continuaremos cunha planificación anual e estacionaria do mantemento, limpeza e mellora dos núcleos rurais, camiños zonas verdes, fontes, lavadoiros, parques infantís, etc.*

*Continuaremos a apostar pola rehabilitación do casco histórico, colaborando co Galp que permitiu que a día de hoxe un importante número de edificios estean xa rehabilitados, xerando ademais emprego e riqueza.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Rematando tamén a tramitación do PEPRI e iniciando os tramites para a pasta en marcha dun Area de Rehabilitación Integral que nos permitira facilitar a realización de tramites e a consecución de axudas e subvencións para a rehabilitación de vivendas*

*Reforzaremos a programación de obradoiros de formación, emprego e novas tecnoloxías que tan bon resultado nos deron durante as pasadas lexislatura. Mellorando as posibilidades de empregabilidade dos nosos veciños e veciñas.*

*Pero ademais destas melloras, este mandato ten que alumbrar novidades estratéxicas para o futuro de Ponte deume. A primeira será a ampliación do polígono industrial do vidroiro, con 250.000 metros cadrados que permitirán implantar novas empresas en chan eumés.*

*Este deberá converterse nun novo motor económico da Vila. Dentro desta revitalización económica, temos un proxecto que vai dinamizar a zona do Porto, e que tivo que pospoñerse pola pandemia e as consecuencias derivadas da guerra de Ucraia, e que será unha oportunidade tanto a nivel económico coma de Servizos, albergando entre outros o novo coworking do sector turístico da Deputación da Coruña, para que emprendedores e autónomos convírtanse nun futuro en xeradores de emprego para a nosa Vila.*

*Nunha Vila namorada da cultura e da musica como Ponte deume, necesitamos unha infraestrutura que lle dea cabida a unha programación de ocio e cultura que sabemos que demanda a veciñanza. Por iso imos apostar pola construción dun Auditorio e continuaremos os tramites para facelo de inmediato.*

*Pero tamén o deporte debe ser una prioridade da acción do goberno, por iso Queremos sentar as bases para a construción dun novo pavillón municipal, para o que xa contamos co proxecto e ubicación, porque o deporte e símbolo e orgullo de Ponte deume, e temos que seguir poñendo mais e mais facilidades a xente nova e no tan nova para que fuxan das costumes sedentarias. directas por nacemento.*

*Por ultimo, un compromiso firme e ineludible coas parroquias, na mellora da prestación de servizos básico e infraestruturas. Campolongo, Nogueirosa e Ombre. Imos loitar porque ao remate da seguinte lexislatura as beirarrúas destas parroquias sexan unha firme realidade, como o son xa en Centroña ou Andrade.*

*En definitiva, un Concello que contribúa e represente o orgullo eumés que sentimos todos os veciños e veciñas de este paraíso chamado Ponte deume.*

*Estamos orgullosos do noso pasado e devanceiros, da nosa cultura e tradicións, en definitiva, estamos orgullosos de ser, estar e sentir Ponte deume.*

*Agora toca traballar para que ese orgullo siga a ser o combustible que impulse o motor do desenvolvemento e mellora da nosa vila, una fonte de enerxía inesgotable para que Ponte deume volva a ser todo un referente en calidade de vida e benestar.*

*Moitas grazas."*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### REMATE DA SESIÓN

O Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e sete minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 28.07.2023, segundo o borrador asinado o día 18.07.2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

